

INMIGRACIÓN EN FEMININO

Elaborado por:

Marga Blanco Lamarca

Gabinete Técnico do S.N. de CC.OO. de Galicia

Maquetación:

Victor M. Paz Martínez

Colaboración de:

Begoña Méndez Vázquez (Gabinete de Normalización Lingüística do S.N. de CC.OO. de Galicia)

Agradecimientos:

As persoas de CITE que recollerón os datos estatísticos (María José, Marta, Almudena, Elomari, Montserrat e Slavica)

ÍNDICE

PRÓLOGO	3
INTRODUCCIÓN	4
FICHA TÉCNICA.....	5
MARCO NORMATIVO DA INMIGRACIÓN EN ESPAÑA.....	6
I. A ORIXE E A CHEGADA DA INMIGRACIÓN FEMININA A GALICIA.	8
II. O PERFIL PERSOAL E FAMILIAR	18
III. PERFIL SOCIOLABORAL	30
IV. A SITUACIÓN LEGAL	47
V. A MULLER INMIGRANTE E A PROSTITUCIÓN	53
CONCLUSIÓN.....	61
PROPOSTAS.....	64

PRÓLOGO

As galegas ben saben o que é a emigración e o específico sufrimento que comporta para unha muller. Soubérono en América desde os albores do século pasado e soubérono en Europa desde a década dos sesenta. Coñecemos, pois, dun modo xeral, que a emigración das mulleres é diferente, e presentimos que carrexa máis sufrimentos, máis traballo e peores condicións, porque parten desde tódalas latitudes en inferioridade histórica de condicións e chegan a tódalas latitudes para asumiren os traballoos peores, cando non as tarefas más indignas.

É natural que agora, cando tamén comezamos a ser un país de inmigración, nos aproximemos a esta realidade con capacidade e vontade de discernir entre as distintas e diversas realidades que este fenómeno ofrece.

Fai ben, polo tanto, CITE en dotarse dun documento e dun instrumento de traballo coma este, que analiza e pon encol da mesa a realidade distinta e crecente da inmigración das mulleres. Debe servir isto para a reflexión e para o debate, debe facilita-la perspectiva do noso traballo sindical cando o diriximos ás compañeiras que veñen traballar doutros países e doutras culturas, debe condicona-lo tratamento que lles poidamos dar ás mulleres traballadoras desde CITE, que é moito más que un servicio ou un instrumento de apoio, que é sobre todo un medio para facilita-la defensa dos dereitos e da dignidade de tódalas persoas que teñen que inmigrar ó noso país, de tódalas traballadoras e traballadores estraneiros.

Desde CC.OO. queremos facer este traballo sindical da forma más atinada posible e cos métodos que nos permitan achegarnos máis a cada colectivo e a cada persoa concreta. Por iso traballoos coma este, que nos axuden a desvela-las realidades específicas das traballadoras inmigrantes, debemos utilizalos a fondo e difundilos, como un servicio que o sindicato presta a quen se interese por estes asuntos.

Cópre tamén espallar fóra de CITE e do sindicato as conclusóns deste estudio, cando menos porque é preciso introducir na sociedade este debate e esta reflexión. Outras instancias han asumir tamén as diferencias no seo do colectivo inmigrante, e deben ademais descubrir que é diferente —ás veces dramaticamente diferente— a emigración para un home e para unha muller. Neste sentido, as administracións e os propios medios de comunicación terían que ser receptores atentos destas conclusóns e activos participantes neste debate social, imprescindible para unha sa convivencia democrática no noso país.

Porque o xusto é tratar de forma diferenciada o que é diferente.

Xan M^a Castro Paz
Secretario Xeral do S.N. de CC.OO de Galicia.

INTRODUCCIÓN

Desde a elaboración no ano 2001 do estudio «Unha aproximación á inmigración en Galicia: os usuarios de CITE», en CITE-Galicia fomos conscientes de que este traballo non estaría completo sen unha segunda parte que afondara na situación da muller inmigrante en Galicia, pois presenta características diferentes da dos homes inmigrantes e, polo tanto, merece unha análise á parte.

Diciamos o pasado ano na introducción do estudio que desde a reforma da Lei 4/200, os dereitos das persoas inmigrantes e as posibilidades de atoparen unha vida digna neste país se viron seriamente ameazados. Hoxe constatamos esta realidade: a política de continxentes e o peche do réxime xeral deixan sen posibilidade de elección a milleiros de persoas que se ven abocadas a permanecer neste país nunha situación administrativa irregular, para entendernos, «sen papeis».

En CITE-Galicia non rexeitámo-lo sistema do continxente como canle de entrada legal; rexeitámo-la política migratoria do Goberno, que non recoñece a inmigración como fenómeno socioeconómico, senón única e exclusivamente como control de fluxos. O mero control de fronteiras non se lle pode chamar «política» e non vai frear —a experiencia destes dous últimos anos así o demostra— a entrada de persoas en situación irregular. Este tipo de políticas alimentan mafias, engordan a bolsa de irregularidade (consecuencia directa desta é o emprego somerxido, a explotación laboral e a total indefensión ante abusos de todo tipo) e non resolven o problema vital das persoas que buscan unha vida mellor no noso país.

O colectivo de mulleres inmigrantes padece dobrente as consecuencias deste desatino, por mulleres e por inmigrantes: pola súa situación familiar e social no país de orixe, son presas fáciles para as mafias que se dedican ó tráfico de persoas (todos e todas temos escoitado falar da débeda contraída para paga-la viaxe); a sectorialización laboral e a irregularidade social lévanas en moitos casos a aceptar como única saída o servicio doméstico ou a prostitución —independentemente do seu nivel de estudos ou da súa formación—; son as que sofren maior descenso social e laboral e, por riba, padecen directamente o endurecemento da lei no reagrupamento familiar.

Por todo isto, en CITE-Galicia pensamos que hai que mudar este modo de facer política. Apelamos ó consenso de tódalas forzas sociais e políticas na consideración de que a inmigración é un fenómeno socioeconómico e non de orde pública, de que as persoas que chegan a este país son traballadoras con dereitos e deberes e non só man de obra, que urxe elaborar un proxecto que trate a inmigración nas dúas vertentes: como fenómeno social (favorece-la integración das persoas estranxeiras para achegármonos a unha sociedade intercultural) e como fenómeno económico (facilitando vías de entrada legal e posibilitando a legalización das persoas que xa residen no noso país).

Isabel Quintáns Rodríguez
Responsable de CITE-Galicia

FICHA TÉCNICA

Para este estudo utilizamos un muestreo de 325 enquisas entre as mulleres inmigrantes usuarias dos CITE de Galicia.

As enquisas foron realizadas polos asesores e asesoras das oficinas CITE, durante o desenrollo do seu traballo diario coas inmigrantes, mediante entrevista persoal. Co fin de conquerir un muestreo máis aproximado á realidade social da inmigración en Galicia, utilizamos dous métodos de selección das mulleres que respondieron ós cuestionarios: por un lado, escollíase aleatoriamente un determinado número delas que acudían a utilizar os nosos servicios; por outro, tendo en conta que as persoas que xa se atopan en situación regular acuden en menor medida ás nosas oficinas, seleccionamos un número determinado de expedientes das nosas usuarias más antigas e as citamos para facerllles a enquisa. O número de cuestionarios repartiuse por oficinas en proporción ó numero de usuarias de cada unha; o reparto por provincias foi o seguinte:

- A Coruña: 121
- Lugo: 21
- Ourense: 53
- Pontevedra:130

MARCO NORMATIVO DA INMIGRACIÓN EN ESPAÑA

Para entrar legalmente no territorio español, as persoas estranxeiras deben vir provistas dunha autorización de entrada: o **visado**. Só se exceptúan desta esixencia determinados países cos que España ten acordada a súa supresión para vir como turistas.

A **estancia** é a permanencia por un tempo non superior a noventa días e, para ser legal, abonda co visado de turista. Outro tipo especial de estancia é a dos estudiantes, que precisan, ademais do visado de estudios, a concesión dunha "tarxeta de estudiante". A estancia legal en España non outorga dereito ningún para a obtención da nacionalidade ou da residencia.

Por **residencia** enténdese a permanencia continuada en España por un tempo superior a noventa días, autorizada polo permiso de residencia. Este pode ser non lucrativo e lucrativo, acompañado do permiso de traballo ou autorización para traballar.

Todos estes permisos esixen que a entrada en España se efectúe co visado de residencia correspondente ó tipo de permiso que se solicita pois, en caso contrario, a persoa interesada deberá regresar ó seu país para obte-lo dito visado.

Dado o carácter fundamentalmente económico da inmigración, o que lle interesa á maioría das persoas inmigrantes é o permiso de residencia e traballo, por conta propia ou allea. Os requisitos requeridos para conceder un **permiso de residencia e traballo por conta propia** fan que na práctica sexa case imposible obtelos; denégase, por exemplo, se a actividade non favorece a creación de emprego nin contribúe ó crecemento da economía nacional. Daquela, a maioría dos inmigrantes solicitan **permisos de residencia e traballo por conta allea**, malia que os seus requisitos non son moito más doados: en primeiro lugar, cómpre que un empregador presente en España unha oferta ou precontrato de traballo no que consten tódalas condicións da futura contratación; despois, debe solicitarse ante o consulado español no país de orixe do traballador ou traballadora a concesión do visado correspondente. Para a concesión do permiso aplícase a condición da "situación nacional de emprego", de xeito que se

denega se existen demandantes de emprego inscritos na provincia para o posto de traballo de que se trate. Debido a estas dificultades, escasamente un tercio das mulleres inmigrantes obtiveron o permiso de traballo mediante este procedemento.

A situación actual roza o esperpento: a política de continxentes (cota anual de permisos de traballo , distribuídos provincial e sectorialmente) inaugurada no ano 2001 polo goberno provocou o peche do réxime xeral, de tal xeito que nestes momentos ningunha persoa inmigrante que estea xa en España "sen papeis" ten posibilidades de regulariza-la súa situación, salvo estea nun dos supostos extraordinarios de preferencia legal.

Deste xeito, mentres a inmigración medra, a normativa de estranxeiría mantén unha liña que ten amosado a súa ineficacia fronte a unha realidade social á que non sabe responder.


Así pois, o marco normativo da inmigración segue unha política migratoria restrictiva centrada no control dos fluxos, limitando a entrada de inmigrantes, e no control da legalidade da súa permanencia en España restrinxindo o acceso á residencia e establecendo un represivo sistema sancionador. O absoluto fracaso destas políticas está claramente demostrado: non só non se impidiu o constante crecemento da entrada de inmigrantes, senón que se provocou, ó dificultala, a proliferación de mafias de tráfico de persoas e de mortes de inmigrantes que tentan chegar á Península; non só non se controlou a legalidade da estancia, senón que as bolsas de irregularidade seguen medrando sen recoñece-la necesidade dun cambio de política migratoria. As nefastas consecuencias desta lexislación reflíctense na situación social das persoas inmigrantes en España e nos problemas de convivencia que comezan a proliferar e que continuarán facéndoo mentres non se afronte o fenómeno da inmigración como o que é, unha realidade social positiva e inevitable, prevendo e tratando os problemas que poidan xurdir dende a perspectiva da integración e a convivencia.

I. A ORIXE E A CHEGADA DA INMIGRACIÓN FEMININA A GALICIA.

ORIXE

Para analiza-la orixe das mulleres inmigrantes en Galicia, distinguimos entre cinco grandes rexións e, dentro delas, preguntamos tamén polos países de procedencia.

REXIÓNS



	PORCENTAXE
Latinoamérica	81
Europa Non Comunitaria	6
África Subsahariana ¹	6
Norte De África	5
Asia	2


¹ Diferenciamos entre África do Norte e a Subsahariana porque consideramos que a inmigración feminina presenta as suficientes características específicas en cada unha das rexións como para analizalas aparte.

Observamos que a inmensa maioría das inmigrantes en Galicia proceden de Latinoamérica; as outras procedencias presentan porcentaxes similares entre si. Unha explicación do predominio da poboación de orixe iberoamericana pode ser la proximidade cultural e lingüística con eses países e, no caso concreto de Galicia, tamén nos lazos familiares e sociais froito da numerosa emigración galega en América; outro elemento que pode influír é o feito de que os naturais dun bo número de países latinoamericanos non precisaban, ou non precisaban ata hai pouco, visado para entrar en España como turistas, o que non sucede no caso dos africanos e asiáticos.

Se atendemos ós datos do estudio que CITE-Galicia realizou o ano pasado sobre inmigrantes de ambos sexos en Galicia, podemos observar que, se ben tamén eran maioría as persoas de orixe latinoamericana, a proporción era máis baixa (un 71%, fronte o 81% que atopamos nas mulleres) a favor dunha presencia más significativa de persoas de orixe africana, pois acadaban o 21% do total, mentres que na inmigración feminina as africanas só supoñen un 11%, e esto malia que é unha orixe en aumento. As causas desta diferencia por xénero están, por un lado, no feito de que a inmigración de orixe africana é fundamentalmente masculina, aínda que nos últimos tempos hai unha clara tendencia ó incremento da feminina; unha segunda explicación pode acharse na inmigración de orixe colombiano, que é con moitisima diferencia feminina, con moitísima diferencia e que, como veremos a continuación, supón case a metade da totalidade das inmigrantes e, polo tanto, leva a un incremento na presencia de mulleres de orixe latinoamericana.

PAÍSES


1. LATINOAMÉRICA



	PORCENTAXE
Colombia	51,5
Arxentina	11
Ecuador	9
Brasil	8
Cuba	5
R. Dominicana	4
Perú	3,5
Uruguai	3
Chile	2
Venezuela	2
Outros (Centroamérica)	1


Como xa avanzabamos máis arriba, o datos más rechamante é que as mulleres procedentes de Colombia constitúen más da metade das inmigrantes latinoamericanas e un 41,5 % do total das inmigrantes en Galicia de calquera procedencia. Non resulta doadoo atopa-la causa da cota tan alta de mulleres colombianas, pois ó non ser Colombia un dos países latinoamericanos con moita emigración galega, como si ocorre na Arxentina, Brasil ou Uruguai, non pode explicarse por un especial vínculo con Galicia.

2. ASIA



	PORCENTAXE
R. P. China	83
Kuwait	17


3. EUROPA NON COMUNITARIA



	PORCENTAXE
Ucraína	25
Romanía	25
Rusia	20
Armenia	10
Bulgaria	10
Outros	10


4. ÁFRICA SUBSAHARIANA

	PORCENTAXE
Nixeria	60
Senegal	25
Outros	15




5. NORTE DE ÁFRICA

	PORCENTAXE
Marrocos	88
Sáhara	12



A CHEGADA

Analizamos as datas de entrada en España das mulleres inmigrantes que viven en Galicia:



	PORCENTAXE
1980-85	0,5
1986-90	2
1991-95	5
1996-98	19
1999	15
2000	27
2001	25
2002	6

A partir destes datos, podemos concluír que a inmigración feminina comeza por volta do ano 1986, pero non se pode falar dela como fenómeno social con certa entidade ata dez anos máis tarde. A chegada das inmigrantes coincide coa consolidación da democracia e a profunda transformación social e económica experimentada por España nesa década, así como coa entrada do país na Comunidade Europea. Resulta evidente que a inmigración responda, polo tanto, non só ás necesidades dos países de orixe, senón tamén á situación do país de recepción: a mellora socioeconómica que vive España nos anos oitenta trae un incremento na demanda de man de obra non cuberta pola poboación de autóctona, que é o que muda a súa condición de país de emigración nun receptor de inmigrantes. En Galicia vivimos tamén este fenómeno, aínda que dun xeito menos acusado ca outras zonas do Estado, dado o menor desenvolvemento económico da nosa comunidade e a más serodia transformación do modelo social e familiar tradicional que implicou, no que á inmigración feminina se refire, unha

forte demanda de man de obra no servicio doméstico; por isto a inmigración feminina chega a Galicia más tarde e é cuantitativamente menor ca noutros lugares.

A partir de 1996 a chegada de mulleres inmigrantes aumenta progresivamente e dá un salto espectacular nos anos 2000 e 2001. Isto demostra claramente que a reforma lexislativa levada a cabo polo Goberno en decembro do ano 2000 non tivo efecto reductor ningún na entrada de inmigrantes en España, xa que a dita reforma entrou en vigor en xaneiro de 2001, ano no que non se aprecia un descenso da inmigración feminina.

O enorme baixón que se produce en 2002 debe interpretarse con cautela e non entender que se corresponde cunha diminución efectiva da entrada de mulleres inmigrantes en España. En primeiro lugar, porque as enquisas utilizadas neste estudio se realizaron ata setembro do 2002, polo que non cobren todo o ano. En segundo lugar, porque en xeral as inmigrantes que acoden ás oficinas de CITE acostuman facelo pasado un tempo dende a súa chegada, así que moitas das que acaban de chegar non son ainda usuarias nosas. E, por último, hai que ter en conta que Galicia non adoita ser, en xeral, o primeiro destino migratorio dentro de España, senón que na maior parte dos casos, estas mulleres permaneceron antes un tempo noutro lugar do Estado; polo tanto, moitas das que entraron en España este ano non se trasladarán a Galicia ata dentro dalgúns meses. Tendo isto en conta, é probable que o número de mulleres inmigrantes establecidas en Galicia que entraron en España no ano 2002 sexa moito maior do detectado neste estudio.

Entrada por rexións de procedencia

Segundo os nosos datos, ó longo de tódolos anos analizados mantense unha porcentaxe de ó redor dun 80 % de maioría latinoamericana, se ben en 2001 e 2002 descende algo (pasa dun 87 % das entradas en 2000 a un 76 % en 2001 e un 65 % en 2002) con respecto ós anos anteriores, fronte a un incremento da inmigración procedente da Europa non Comunitaria e da África subsahariana.

Nos dous últimos anos, o aumento da chegada de mulleres procedentes de países europeos non comunitarios é espectacular pois, segundo os nosos datos, o 65 % entrou en España nos anos 2001 e 2002; hai ben pouco, esta inmigración case non existía en Galicia. A desaparición a principios de ano da obriga de visado para as persoas de nacionalidade romanesa estase a traducir xa nunha maior presencia de mulleres deste país. Así mesmo, é probable que a pronta entrada na Unión Europeaalgúns destes países teña efectos na inmigración desta procedencia nos vindeiros anos.

No caso do norte de África a progresión é máis regular, se ben o grosor das entradas corresponden ós anos 2000 e 2001, cando se produce o 48 % delas.

En canto á África subsahariana, destaca o caso de Nixeria, de onde procede o 60 % das mulleres desa zona, pois a penas entra ningunha ata o ano 1999 e, a partir dese momento, o aumento é progresivo; como veremos más adiante, este fenómeno está moi relacionado coas redes de prostitución.

As peculiaridades algúns países latinoamericanos obrígannos a estudialos individualmente. Así, no caso de Colombia, que constitúa a nacionalidade maioritaria con moitísima diferencia, debemos salientar que no ano 2002 non se rexistra entrada de ningunha muller, pese a que os dous anos anteriores foran os de maior número de entradas sen comparación posible. Isto débese, sen dúbida, a que dende o 1 de xaneiro de 2002 se estableceu a obligatoriedade do visado para entrar en España ós nacionais colombianos; haberá que atender, nos vindeiros meses, á evolución que se produza respecto desta nacionalidade.

Todo o contrario sucede no caso da Arxentina: o 82 % das entradas prodúcense nos anos 2001 e 2002. De feito, o 33,3 % das inmigrantes

establecidas en Galicia que chegaron a España no ano 2002 son arxentinas, malia que esta nacionalidade constitúe só un 8,6 % do total de mulleres inmigrantes enquisadas. Algo similar ocorre con Uruguai. A crise económica que están a vivir estes países é claramente o motivo do notable incremento desta inmigración. Por outro lado, os lazos familiares e sociais que manteñen con Galicia estas mulleres explican a elección da nosa Comunidade para establecerense por parte destas mulleres, xa que moitas delas son descendentes de emigrantes galegos e galegas sen acceso á nacionalidade española; de feito, e por este motivo, no caso das arxentinas e uruguaias Galicia é xeralmente o seu primeiro lugar de destino, á diferencia do que sucede coas inmigrantes en xeral. O que suceda nun futuro con esta inmigración dependerá, en gran medida, non só da evolución dos respectivos países, senón tamén de que o Goberno español leve adiante a súa intención de establecer-lo visado obligatorio para os eles.

De tódolos datos anteriores podemos tirar varias conclusións. Por un lado, observamos que na decisión de migrar e na elección do país e da comunidade de destino inflúen múltiples factores: a situación económica, política e social no país de orixe, a maior ou menor facilidade para entrar no país de destino, os lazos familiares e sociais coa sociedade de acollida e moitos outras circunstancias menos visibles. Pero ningún destes factores parece de seu determinante pois mentres, por exemplo, no caso das mulleres latinoamericanas e europeas a facilidade ou obstaculización da entrada no país está influíndo claramente na distribución por orixes (aumento das mulleres romanescas pola supresión do visado e diminución das colombianas pola súa implantación), atopámonos cun continuo ascenso da chegada de mulleres de orixe africana a pesar de que, xa dende hai algúns anos, entran en España ilegalmente e mesmo arriscando a vida en pateiras, ó lles ser imposible entrar de xeito legal.


Outra conclusión clara de todo o analizado é a crecente heteroxeneidade na inmigración feminina que se establece en Galicia que, de manterse as tendencias actuais, seguirá en aumento. Parece o máis probable que nos vindeiros anos, mesmo manténdose a superioridade numérica das inmigrantes de orixe latinoamericana, a diferencia respecto das demais irá decrecendo a favor da medra do número de europeas e africanas sobre todo. Así mesmo, dentro das latinoamericanas parece que continuarán o aumentando a chegada de arxentinas e

uruguaias (sempre a expensas da implantación ou non da obligatoriedade de visado) e a clara diminución das colombianas.

O LUGAR DE RESIDENCIA

A enquisa realizouse exclusivamente a mulleres que residen en Galicia. A distribución por provincias é a seguinte:

	PORCENTAXE
Pontevedra	40
A Coruña	37,2
Ourense	16,3
Lugo	6,5



En canto a localidades de residencia, o 83 % vive en capitais de provincia ou cidades importantes, e só un 17 % no rural ou en núcleos de poboación menores.


Concluímos, xa que logo, que a poboación inmigrante feminina se distribúe dun xeito similar á galega, nas provincias e lugares onde as posibilidades de acceder a un posto de traballo son maiores.

Relación coa orixe

No referente á distribución segundo a orixe das inmigrantes, hai que sinalar que nas catro provincias son maioría as latinoamericanas, aínda que esta proporción é moi superior no caso de Ourense (un 92 % das enquisadas nesta provincia, mentres que nas tres restantes a porcentaxe oscila entre o 70-80 %). As do resto dos continentes distribúense dun xeito máis irregular. Así, as asiáticas e as da África subsahariana se establecen maioritariamente na provincia de Pontevedra (máis dun 80 %); en cambio, as europeas non comunitarias e as norteafricanas prefieren vivir, nun 55 % e 64,7% respectivamente, na provincia da Coruña.

As causas desta distribución son moi variadas: principalmente responden a motivos familiares ou sociais, pois unha gran parte das inmigrantes se establece nos lugares onde xa teñen algúun familiar ou coñecido do seu lugar de procedencia. Outras veces explícase polo tipo de traballo que desempeñan, que poden conseguir con maior facilidade nunha ou noutra localidade.

II. O PERFIL PERSOAL E FAMILIAR



IDADES

	PORCENTAXE
Menor de 18	3
18-25	15
26-35	48
36-45	23
46-55	7
56-64	3
Maior de 65	1

Trátase dunha poboación fundamentalmente nova, pois a principal franxa de idade vai dos 26 ós 35 anos (un 48 %); de feito, o 86 % das mulleres entrevistadas teñen entre 18 e 45 anos, e só un 1 % supera a idade de xubilación. Non hai a penas diferencias por rexións de orixe: en todas, a franxa de idade principal é a mesma, salvo nas asiáticas que as máis ten entre 18 e 25 anos. É salientable que ningunha das africanas enquisadas ten máis de 45 anos, o que nos dá idea da pronunciada mocidade da poboación desta orixe en Galicia.

Polo tanto, o perfil de muller inmigrante establecida en Galicia é o dunha muller en idade laboral que emigra para traballar; trátase claramente dunha migración de tipo económico. As consecuencias da saída de mulleres novas para os países de orixe terá o seu reflexo, sen dúbida, nas características demográficas daqueles nun futuro próximo.

PARELLA


Segundo os datos recollidos, o 56 % das enquisadas non teñen parella estable, fronte a un 44 % que si a teñen²; as cifras son similares para tódalas rexións de orixe. Entre as que teñen parella, un 81 % vive con ela en Galicia, pero hai un 19% que deixa a súa parella no país de orixe. Se sumámo-las que non teñen parella coas que a teñen no país de orixe, dános que o 64 % das mulleres emigran soas.

Desbótase logo a imaxe da muller inmigrante como mera acompañante pasiva do seu home e os datos amosan a realidade dunha muller protagonista da migración. A maioría das entrevistadas son independentes, con ou sen cargas familiares, e mesmo entre as que teñen parella, a porcentaxe das que actúan como cabeza de familia, emigrando soas e converténdose no principal sustento económico do núcleo familiar, é moi alta.


En canto ás diferencias por rexión de procedencia, debemos sinalar que o 73 % das mulleres que, tendo parella, emigran soas é de orixe latinoamericana, e que non hai ningunha norteafricana. Respecto a estas últimas, dos datos parecen desprenderse dous tipos moi diferenciados de inmigrante norteafricana: unha muller independente, solteira e xeralmente nova, que migra soa e non ten cargas familiares; outra casada, que vén acompañando o seu home ou reagrupada por el. O que non se atopa é unha muller que, tendo parella no seu lugar de orixe, decida emigrar soa.

² Entendemos que unha muller ten parella cando así o manifesta ela, tanto se a súa parella vive con ela en Galicia coma se permanece no lugar de orixe, sempre que consideren que a relación se mantén. Así, parte das mulleres que afirman ter parella de feito, non matrimonial, levan anos separadas porque ela migrou e a súa parella non.

SEN PARELLA



CON PARELLA




Os supostos de matrimonio de conveniencia sepáranse dos matrimonios en xeral e corresponden todos a latinoamericanas.

³


É necesario ter en conta que arredor dun 7% das solteiras son menores de idade.

Para tódalas procedencias, as casadas son maioría respecto ás que constitúen unha parella de feito, pero a importancia cuantitativa das unións libres varía moito. Así, mentres que un 42 % das latinoamericanas con parella viven en unión non matrimonial, nas da África subsahariana a porcentaxe é só dun 12,5 %, nas da Europa non comunitaria do 20 % e nas do norte de África dun 25%; non hai ningunha asiática vivindo en unión libre.

En canto á nacionalidade da parella das mulleres entrevistadas, a maioría son estranxeiros/as, aínda que sen gran diferencia en xeral cos españois:



Pero se estudiamos este dato segundo a rexión de orixe, as diferencias son importantes:




Así, fronte á paridade nas parellas das norteafricanas ou a escasa diferenza entre as das latinoamericanas, vemos que ningunha muller asiática formou parella

cunha persoa española, e que no caso das europeas e as subsaharianas a porcentaxe das que si o fixeron é moi baixa. Este dato pode ser relevante se tomámo-lo emparellamento cos nativos do país como signo de integración social das mulleres inmigrantes.

A DESCENDENCIA


O 59 % das mulleres entrevistadas teñen fillas e/ou fillos, fronte ó 41 % que non. A distribución por rexións de orixe é a seguinte:



	CON FILLOS/AS	SEN FILLOS/AS
Latinoamérica	60	40
Norte de África	65	35
Europa non comunitaria	40	60
África Subsahariana	30	70
Asia	17	83

Como podemos ver, mentres que as latinoamericanas e as procedentes no norte de África manteñen, más ou menos, a proporción xeral, no caso dos outros tres grupos esta invértese e son maioría as mulleres sen fillos nem fillas, con moita diferencia, ademais, no caso das asiáticas e as da África subsahariana.

NÚMERO DE FILLOS E/OU FILLAS




Nº de fillos/as	Total	Porcentaxe
1	73	38
2-3	101	53
+ 3	17	9

A maioría das inmigrantes con fillos e/ou fillas teñen menos de 4 e é alta a porcentaxe das que só teñen un. Isto desbota a idea de que as mulleres que emigran dende o Terceiro Mundo teñen familias numerosas, aínda que o número de fillos e/ou fillas é superior á media española. A porcentaxe é similar en tódalas rexións, mesmo en África, onde o tópico sobre a familia numerosa é aínda más común. Isto indica que a muller inmigrante, cando se establece en Europa, tende a adaptarse ó comportamento demográfico das nativas e non repite, polo menos en tan alta medida, os patróns do seu país.

CON QUÉN VIVEN

Trátase de saber ónde e con quén viven os descendentes das mulleres inmigrantes. Para a análise só tivemos en conta os fillos e/ou fillas menores de idade ou dependentes da familia, non aqueloutros que xa viven independentes.

O resultado é o seguinte:




Hai, polo tanto, unha maioría de mulleres que viven cos seus fillos e/ou fillas en España, pero a diferenzia non é moi acusada: un 44 % das nais inmigrantes teñen os fillos/as no seu país de orixe; a isto debe engadirse un 9 % que ten algún ou algúns dos fillos e/ou fillas con elas en España e outro/s no seu país (xeralmente este caso dáse cando un dos fillos naceu en España e o outro/s é froito dunha relación anterior, no país de orixe; ou ben porque, debido ás trabas legais para a reagrupación familiar, non poden traelos a todos dunha vez).


⁴ Por «repartidos/as» enténdese que algún ou varios dos fillos/as viven con ela en Galicia e outro/s no país de orixe.

Respecto a con quen viven os fillos ou fillas en cada lugar, estas son as respuestas:

EN GALICIA



NO PAÍS DE ORIXE



EN GALICIA

Coa nai	Outros
99 %	1 %

NO PAÍS DE ORIXE


Co pai	Coa familia materna
10 %	90 %

Practicamente tódolos que están en España viven coa nai. Pola contra, os que viven no seu país de orixe quedan maioritariamente ó cargo da familia materna (polo xeral coas avoas ou tías) e só un 10 % vive co pai. A isto debe engadirse que un 44 % das nais non teñen parella, é dicir, son cabezas de familia monomarental. Estes datos son similares ós obtidos no estudio realizado por CITE-Galicia o pasado ano, onde xa distinguiamos neste punto entre homes e mulleres inmigrantes para observa-la importantísima diferencia no que respecta ó coidado dos fillos e fillas. Así, segundo os datos do ano 2001, os homes inmigrantes con descendencia ou ben os traen canda eles e a nai, ou ben os deixan no país de orixe; é dicir, ó raro atopamos homes sós que vivan aquí cos fillos e/ou fillas; e, cando os deixan no país, preto do 90 % quedan ó cargo da nai e moi poucos coa familia paterna. Coas mulleres pasa xustamente ó contrario: é común o caso de mulleres sen parella que teñen con elles en Galicia os fillos e fillas, e o 90 % das que os teñen no país de orixe déixanos ó cargo da súa propia familia. Aquí, os datos de 2002 coinciden cos do ano pasado.

A conclusión que se extrae destes datos é que a poboación inmigrante mantén os papeis familiares tradicionais: os fillos ou fillas están a cargo da muller, tanto se o pai vive con ela como se é unha familia monomarental; cando estes fican no país de orixe, seguen baixo a súa responsabilidade, pois quedan ó coidado da familia materna e baixo ó sostén económico da nai, como veremos ó

analiza-lo envío de diñeiro ó seu país por parte das mulleres inmigrantes; de feito, a necesidade de manter por si soa uns fillos e/ou fillas dos que o pai non se fai cargo é o principal motivo de emigraren estas mulleres.

Por rexións de orixe, o resultado é:




	ESPAÑA	PAÍS DE ORIXE	AMBOS
Latinoamérica	46 %	44 %	10 %
África Subsahariana	29 %	64 %	7 %
Asia	100 %	0	0
Europa non comunitaria	63 %	37 %	0
Norte de África	83 %	17 %	0

Observamos unha enorme diferencia: as asiáticas con fillas e/ou fillos téñenos todos con elas en España, as norteafricanas nunha proporción moi alta (o 83 %) e as europeas tamén lixeiramente máis elevada; en cambio, as procedentes da África subsahariana teñen a maioría os seus fillos no país de orixe (nun 89 % coa familia materna), e as latinoamericanas manteñen case a mesma proporción entre os dous supostos.

CONVIVENCIA

Ante a pregunta de se viven soas ou conviven con alguén, un 92% respondeu que convive e un 25 % que non. Tocante ó concepto de «convivencia», no caso das que viven cos seus empregadores (servicio doméstico interno) ou en clubs (prostitución) decidimos deixar ó seu criterio se o consideran ou non convivencia; os resultados son dispares.


As que consideran que conviven con alguén, repártense así:



CON FAMILIA	CON AMIGOS E AMIGAS
32 %	68 %


A alta tasa de convivencia con amigos e amigas pode explicarse por motivos fundamentalmente económicos.

As que non conviven, responden o seguinte:



VIVEN SOAS	VIVEN NUN CLUB	S. DOMÉSTICO INTERNO
80 %	8 %	12 %


FAMILIA EN ESPAÑA



NON	SI
28 %	72 %

A alta porcentaxe de mulleres que teñen familia en España explícase, por un lado, pola tendencia ó reagrupamento familiar e a ter con elas ós seus fillas e/ou fillos, e por outra pola presencia de familiares en Galicia como unha das razóns da elección de destino.

Entre as que teñen familia, distinguimos segundo o grao de parentesco:




Directa ⁵	Outros
72 %	28 %

⁵ Por «directa» entendémo-la parella, matrimonial ou non, os fillos/as e o pai ou a nai.

INTENCIÓN DE REAGRUPAR⁶


Ó lles preguntar se teñen pensado, cando poidan, traer algúñ familiar a Galicia, responderon o seguinte:



NON	SI
56	44

Esta proporción aumenta dun xeito espectacular cando a muller ten fillas e/ou fillos: o 77 % das mulleres con fillos dependentes fóra de España teñen intención de reagrupalos. Isto confirma a análise anterior respecto ó papel da muller inmigrante no coidado dos fillas e/ou fillos.

Por orixes, a intención de reagrupar varía:




	PORCENTAXE
Latinoamérica	48
Europa non Comunitaria	25
África Subsahariana	45
Norte de África	23
Asia	0

⁶ Neste apartado por «reagrupar» enténdese, simplemente, traer algúñ familiar; non ten por que corresponder ó concepto legal de «reagrupamento» que só afecta a fillos/as, esposo e pai/nai, e que só poden levar a cabo as persoas con residencia legal en España.

Observamos que as latinoamericanas son as que teñen desexos de reagrupa-la familia nunha maior proporción, seguidas polas mulleres orixinarias da África subsahariana. Hai que ter en conta que a intención de reagrupar acostuma ir parella ó obxectivo de máis longa permanencia no país de acollida.


En canto a qué familiares queren reagrupar, é claramente maioritaria a intención de traer ós fillas e/ou fillos:



III. PERFIL SOCIOLABORAL

A VIVENDA


Tipo



Piso/apartamento	85 %
Casa unifamiliar	10 %
Club	2 %
Residencia/asilo/casa de acollida	1 %
Residencia universitaria	1 %
Outro	1 %

Entre tódalas enquisadas só detectamos dous casos de infravivenda (romanescas que viven unha nun coche e outra nunha furgoneta).

Réxime de posesión




Alugueiro	84 %
Propiedade	5 %
Laboral	5 %
Cedida	3 %
Outros	3 %

A inmensa maioría das mulleres inmigrantes viven, pois, en pisos de alugueiro. Hai que salientar ademais que a metade das mulleres que viven nunha casa unifamiliar faino en réxime laboral, é dicir, como empregadas de fogar internas, e que a maioría (o 95 %) das que teñen a vivenda en propiedade se refiren á propiedade da parella, non de seu.

ESTUDIOS


Para analiza-lo nivel de estudios, deixamos á parte as menores de idade que aínda están escolarizadas, e temos en conta só as maiores de 18 anos. O resultado é que un 96 % das mulleres inmigrantes teñen algún tipo de estudios, fronte a un 4 % que son analfabetas.

Por rexións, danse as seguintes porcentaxes:



	ANALFABETAS	CON ESTUDIOS
Latinoamérica	2	98%
Asia	0	100
Europa non Comunitaria	10	90
África subsahariana	10	90
Norte África	18	82


Os estudios que cursaron son os seguintes:



ESTUDIOS ⁷	PORCENTAXE
Iniciados (ler e escribir)	7 %
Primarios	25 %
Secundarios	37 %
Formación profesional	10 %
Universitarios	21 %

Entre as que remataron estudios universitarios, un 49 % destes son medios e un 51 % son superiores.

Por rexións de orixe, esta distribución é:



REXIÓN	INICIADOS	PRIMARIOS	SECUNDARIOS	FP.	U.MEDIOS	U.SUPERIORES
Latinoamérica	4	24.5	41.5	12	8	10
Asia	0	33	50	0	0	17
África Sub.	44	34	11	11	0	0
N. África	7	29	14	7	29	14
Europa	5	28	11	0	39	17

⁷ Tódolos niveis sinalados, salvo o inicial, se refiren a estudios rematados.

Segundo estes datos, os niveis de estudio das norteafricanas que veñen a Galicia sitúanse nos dous extremos: unha parte importante son analfabetas, de feito, é a procedencia coa taxa máis alta de analfabetismo (o 18 %), pero as que estudiaron teñen niveis moi altos, pois a formación universitaria é maioritaria cun 43 %; isto correspón dese co que xa observamos ó falar das parellas no tocante á coexistencia entre as inmigrantes de orixe norteafricana de dous perfís moi diferentes: unha muller urbana, culta e independente fronte a outra de procedencia rural, sen estudios e que vén acompañando o seu home.

Entre as mulleres da Europa non comunitaria encontramos tamén os dous extremos: unha alta porcentaxe teñen estudios universitarios (un 56 %) pero existe asemade unha alta taxa de analfabetismo (o 10 %). Sen embargo, neste caso a explicación é diferente: os casos de analfabetismo corresponden integralmente a Romanía, e entre as mulleres deste país atopamos un 40 % de analfabetas e un 60 % de universitarias; é dicir, repítese, levado ó extremo, o esquema das mulleres do Norte de África, pero reflectindo unha clara fragmentación étnica: as romanescas analfabetas son todas de etnia xitana, que son tamén as que viven en infravivendas e presentan un alto número de fillas e/ou fillos e unha migración dependente do home; pola contra, as restantes son universitarias que teñen adoito un elevado nivel de vida (a maioría son intérpretes ou profesoras de música), poucos ou ningún fillo/a e son independentes. Entre as inmigrantes dos demais países europeos os niveis de estudios son altos.

As inmigrantes procedentes da África subsahariana son as que teñen, en conxunto, un menor grao de formación, pois se ben a taxa de analfabetismo é menor cá das norteafricanas, no hai ningunha universitaria e moi poucas con estudios secundarios ou profesionais. A maioría só iniciaron os estudios ou, como moito, remataron os primarios. Non hai grandes diferencias por países.

As asiáticas teñen un nivel de estudios bastante equilibrado: a metade delas, secundarios; unha porcentaxe bastante proporcional, estudios universitarios, todos superiores; e o resto, primarios rematados. É a única rexión de procedencia na que non se rexistra ningunha analfabeta.

Por último, as latinoamericanas tamén manteñen en xeral o equilibrio: a taxa de analfabetismo é moi baixa (o 2 %), hai unha maioría con estudios secundarios e un 18 % de universitarias, así que están representados todos os niveis de estudios. Pero cómpre salienta-los casos específicos de varios países. Así, non chega de Cuba ningunha analfabeta e a taxa de mulleres con estudios universitarios é moi alta: un 59 %. As arxentinas presentan tamén un alto nivel de estudios: a maioría teñen estudios secundarios, ningunha é analfabeta ou con estudios só iniciados e un 30 % son universitarias. As colombianas teñen uns niveis moi similares ós xerais das latinoamericanas, cunha porcentaxe algo maior de estudios secundarios (un 52 %).


Para rematar, sinalamos que os tres países con maior porcentaxe de mulleres universitarias son Romanía (60 %), Cuba (59 %) e Marrocos (40 %). O mesmo tempo, dous destes países, Romanía e Marrocos, son tamén os que presentan as taxas más altas de analfabetismo (40 e 20 % respectivamente), polas causas xa expostas.

A conclusión máis evidente desta análise é que, fronte ó tópico da muller inmigrante con escasa formación cultural, a maioría presentan, pola contra, un alto nivel de estudios, é moi baixo o número de analfabetas e maioría as que remataron estudios secundarios. A presencia de universitarias entre as inmigrantes resulta, á vista dos datos, de grande importancia cuantitativa. Esta «fuga de cerebros» pode resultar moi negativa, sen dúbida, para os seus países de orixe que, en moitos casos, vén como unha porcentaxe da súa poboación feminina nova e más preparada está abandonando o país ante a falta de perspectivas profesionais, persoais e económicas, aínda que a consecuencia para a maioría delas sexa, como veremos a continuación, a descualificación profesional e a marxinación legal e social.

SITUACIÓN LABORAL

A) POBOACIÓN ACTIVA


Distinguimos primeiramente entre as que constitúen poboación activa en Galicia e as que a constituían no seu país. En ámbolos casos é maioritaria a poboación activa, pero cun lixeiro incremento en Galicia:



	PAÍS DE ORIXE	GALICIA
Activa	71 %	78 %
Pasiva ⁸	29 %	22 %

A inmensa maioría das inmigrantes son, pois, mulleres activas que traballaban no seu país e o seguen facendo aquí, xa que se trata, insistimos, dunha migración fundamentalmente económica e feminina.

Por rexións de orixe, as porcentaxes de poboación activa son as seguintes:



⁸ A poboación pasiva engloba estudiantes, menores e amas de casa.

	GALICIA	PAÍS DE ORIXE
Latinoamérica	78	77
Europa non Comunitaria	75	65
África do Norte	70	47
África subsahariana	90	50
Asia	84	17


Observamos que entre as latinoamericanas e as europeas as porcentaxes de poboación activa e pasiva eran nos seus países similares ás que teñen en Galicia, mentres que as africanas teñen uns niveis de poboación activa moito máis altos en Galicia ca no seus países. O caso máis salientable, con todo, é o das asiáticas, pois no seu país só un 17 % constituían poboación activa, mentres que en Galicia son o 84 %; a explicación máis probable é a mocidade destas mulleres, pois a maioría ten entre 18 e 25 anos e antes de migrar estaban estudiando.

En xeral, entre as que querían traballar no seu país, só o 0,5 % estaba no paro, fronte a un 10,5 % de paradas en España. A primeira e más evidente conclusión é que o desemprego no seu país non constitúe a causa da emigración para a maioría das mulleres.

Canto á poboación pasiva, analizámo-los datos referentes ás que son amas de casa en Galicia. O máis salientable é que un 67 % traballaba no seu país de orixe antes de emigrar, e un 33 % traballou con anterioridade en Galicia ou noutro lugar do Estado; se a isto lle unimos que o 61 % ten parella, maioritariamente española, e un 63 % descendencia, chegamos a unha conclusión: o perfil das inmigrantes que actualmente son amas de casa é o dunha muller que traballaba no seu país e que migrou para traballar en España pero que, posteriormente, ó formar parella cun español e ter fillos ou fillas aquí ou reagrupa-los que xa tiña no seu país, deixa o seu emprego e se converte en ama de casa. Verbo da orixe destas mulleres, a maior porcentaxe de amas de casa dáse entre as europeas e a menor entre as da África subsahariana.

B) CUALIFICACIÓN PROFESIONAL

Agrupámo-las profesións das mulleres inmigrantes en varias categorías, co fin de compara-la súa cualificación profesional no país de orixe co posto que actualmente ocupan en Galicia. Os resultados son os seguintes:




CUALIFICACIÓN	PAÍS	GALICIA
Técnicas/administrativas	28	4
Traballadoras non cualificadas	25	58
Traballadoras cualificadas	18	4
Profesionais liberais	7	1
Comerciais	2	2
Autónomas/pequenas propetas.	19	6
Empresarias	1	0
Prostitutas	0	22
Venda ambulante	0	3

A descualificación profesional é moi evidente, pois mentres que no seu país a maioría das inmigrantes traballaban como técnicas ou en postos de tipo administrativo, cunha porcentaxe importante de autónomas ou pequenas propietarias e unha certa presencia de profesionais liberais, en Galicia perden praticamente estas tres categorías e hai unha abafadora maioría que desempeña postos de traballo non cualificados (o 58 %, fronte a un 25 % no país de orixe), seguidas polas que se dedican a prostitución (cun impresionante 21 %), actividade que ningunha delas exercía no seu país.

Concluímos a partir destes datos que non é certa a idea de que a maioría das mulleres inmigrantes pertenceran no seu país de orixe á escala social más baixa ou marginal e por iso emigran: só un 25 % eran alá traballadoras non cualificadas, ningunha se dedicaba á prostitución nin á venda ambulante e unha porcentaxe significativa tiña un alto nivel profesional e, polo tanto, social.


Pero esta pronunciada perda de cualificación profesional resulta aínda más clara se analizámo-los descensos ou ascensos na categoría profesional. Consideramos un ascenso profesional o paso dunha situación de desemprego no país de orixe a outra de actividade en Galicia ou ben unha suba na categoría laboral, e un descenso, o contrario. O paso dunha profesión «normalizada» no país de orixe ó exercicio da prostitución en Galicia considérase sempre un descenso, polo encadramento desta actividade na economía somerxida. Deixamos primeiro a un lado as mulleres que constituían no seu país poboación activa e actualmente son amas de casa (un 17 % daquelas), porque consideramos que se trata dun abandono voluntario do mercado laboral ó non se considerar elas mesmas como desempregadas. Entre as demais, a evolución foi a seguinte:



	PORCENTAXE
Desempregadas	8
Igual	19
Descenderon	52
Ascenderon	4

Aínda que no gráfico se reflecta á parte para unha maior clarificación, resulta evidente que as mulleres que se converteron en desempregadas tamén sufren un descenso profesional, polo que o total de mulleres que descenden supón, realmente, un 60 %. Só un 4 % ascendeu profesionalmente.

Por rexións de orixe, o resultado é:




	IGUAL	DESCENDEN	ASCENDEN	AMAS CASA
Latinoamérica	18	59	5	18
A. Norte	25	51	12	12
África Subs.	20	80	0	0
Europa non C.	31	46	0	23
Asia	0	0	100	0

Como vemos, salvo no caso das asiáticas, que ascenderon na súa totalidade (hai que ter en conta que a maioría delas eran estudiantes no seu país, é dicir, non traballaban), o resto das procedencias descende de nivel profesional moi maioritariamente, e son as norteafricanas as que presentan unha maior porcentaxe de ascenso profesional cun 12 % (de novo aclaramos que, igual cás asiáticas, moitas destas mulleres non traballaran no seu país porque eran estudiantes). As procedentes da África subsahariana son as que más descenden,

un abafador 80 % que provén sobre todo das nixerianas dedicadas á prostitución en Galicia.

En canto ó réxime no que se desempeñan o traballo (por conta propia ou allea), o resultado entre a poboación que traballa, e deixando á parte as que se dedican á prostitución, é o seguinte:




	PAÍS DE ORIXE	GALICIA
Conta allea	78	86

Descende, xa que logo, a porcentaxe de mulleres que traballan por conta propia, o que se explica en boa medida pola propia demanda de man de obra en Galicia e pola regulación dos permisos de traballo, que fai case imposible a obtención dun permiso por conta propia; de feito, a maioría das mulleres que traballan legalmente como autónomas conseguírono nun procedemento extraordinario de regularización.


C) SECTOR PROFESIONAL

A mesma comparación cá efectuada no apartado anterior fixémola no tocante ó sector no que as mulleres inmigrantes traballaban no seu país e en Galicia, con estes resultados:



	PAÍS DE ORIXE	GALICIA
Agricultura	3	0,5
Artistas	2	2
Comercio	20	8
Hostalería	7	17
Ensino	9	4
Téxtil	9	1
Industria	2	0,5
Prostitución	0	22
Servicios	47	44

Dentro dos servicios, distinguimos:



	PAÍS	GALICIA
Estética	21	3
Sanidade	15	3
Administrativos/sociais	54	5
Turismo	5	0
Limpeza	2	17
Servicio doméstico	2	72
Outros	1	0

Como podemos comprobar, o sector dos servicios é o principal tanto nos países de orixe coma en Galicia, pero dentro destes as diferencias son esenciais. Dentro deste sector, a profesión maioritaria das inmigrantes no seu país era en servicios de tipo administrativo ou social (54 %). Esta clase de empregos pasa a ser case inapreciable en Galicia; o mesmo sucede coas profesionais da sanidade ou da estética. En cambio, os empregos menos considerados socialmente, que son

a limpeza e o servicio doméstico, sitúanse no primeiro lugar en Galicia, chegando a ocupar, no caso das empregadas de fogar, un 72 % das inmigrantes que traballan no sector dos servicios e un 31 % do total de mulleres traballadoras, fronte ó insignificante 2 % que o facían no país de orixe.

Con respecto ós demais sectores, observamos que comercio, no segundo posto tralos servicios no país de orixe, descende moi notablemente en Galicia fronte a un incremento da hostalería. E, sobre todo, destaca que o segundo sector ó que se dedican as mulleres inmigrantes é a prostitución, que ningunha exercía no seu país.

Consideramos que, dada a importancia do servicio doméstico como principal saída laboral das inmigrantes en Galicia, merece unha análise máis polo miúdo. Segundo os nosos datos, ningunha das mulleres que se dedican a este traballo tiñan esa profesión no seu país; un 24 % eran amas de casa e un 26 % traballadoras técnicas ou administrativas e profesionais liberais. En canto á procedencia, as más das mulleres son latinoamericanas (un 79 %); hai que destacar tamén que tanto as ecuatorianas como as norteafricanas traballan como empregadas de fogar nunha porcentaxe máis elevada cás do resto de procedencias (un 60 % e un 47 % respectivamente).

O salario é, en xeral, baixo: a maioría gaña entre 450 e 600 euros mensuais, un 24 % non chega ós 450 e ningunha supera os 1.200. O nivel de estudos, pola contra, é bastante elevado: as más teñen estudios secundarios (o 43 %), hai un 9 % de analfabetas e un 18 % de universitarias. O 57 % das empregadas de fogar non teñen contrato laboral e, para finalizar, un 17 % traballa en réxime interno, é dicir, viven na mesma casa onde traballan.

Sen dúbida, a explicación da alta proporción de inmigrantes que traballan neste sector non responde ás súas características profesionais, senón ás necesidades da nosa sociedade. A masiva incorporación da muller ó mundo laboral, o envellecemento da poboación e o despoboamento das zonas rurais de Galicia, xunta a insuficiente cobertura por parte dos servicios sociais públicos, explican o incremento progresivo da demanda de man de obra neste traballo, pola necesidade de contar cunha traballadora que substitúa o papel tradicionalmente

desenvolto polas amas de casa nas tarefas do fogar e no coidado das persoas dependentes.

A conclusión que se tira de tódolos datos referentes ó aspecto laboral é que a maioría das mulleres inmigrantes son traballadoras e emigran para traballar; que desempeñan empregos por baixo da súa cualificación profesional e do seu nivel de estudos, nos postos de traballo e sectores rexeitados polas mulleres galegas; observamos unha importantísima descualificación profesional xunta unha clara sectorialización da man de obra feminina estranjeira. As causas deste fenómeno son, en primeiro lugar, a propia dinámica do mercado laboral, o xogo da oferta e a demanda; pero tamén hai outro factor, menos visible, que está detrás da descualificación: a regulación legal do traballo das persoas estranxeiras en España. A cláusula da preferencia da man de obra nacional, tamén chamada da «situación nacional de emprego», que se vén aplicando dende a primeira Lei de estranxeiría de 1985, impón a necesidade de acredita-la inexistencia de demandantes de emprego para o posto de traballo no que se pretende contrata-lo inmigrante, como requisito para a concesión dun permiso de traballo. A consecuencia obvia e que só se pode conseguir un permiso neses traballos que as españolas non queren; é dicir, a Lei predetermina xa en certo modo a distribución dos postos de traballo entre nacionais e estranxeiras.

A razón de que mulleres con estudios, que desempeñan nos seus países profesións moito más cualificadas cás que se lles ofrecen en Galicia, decidan de tódolos xeitos vir traballar aquí é sobre todo económica, pola enorme diferencia de ingresos que lles supón o traballo nun país da Europa occidental; pero tamén, en moitos casos, a democracia, a seguridade cidadá e a liberdade son motivos que alegan para explica-la súa disposición a sufri-la descualificación profesional e a marxinación.


D) CONTRATO DE TRABALLO

Segundo os resultados obtidos neste estudio, só o 40 % das mulleres inmigrantes que traballan por conta allea teñen un contrato laboral; é dicir, un 60 % traballan na economía somerxida.

Para analizar estes datos, hai que ter en conta a relación que existe entre o contrato laboral e o permiso de traballo: por un lado, só as mulleres que contan cunha autorización administrativa para traballar (permiso de residencia e traballo ou similar) poden ter legalmente contrato de traballo. Polo tanto, ese 40 % de mulleres con contrato ten, necesariamente, autorización para traballar en España e ningunha delas pode estar en situación irregular. Por outra banda, os permisos de traballo son temporais, e para renovalos cómpre acreditar que se traballou, por suposto legalmente, durante o tempo de vixencia do permiso; daquela, ás mulleres con permiso de traballo resultalles imprescindible o contrato laboral para poder mante-la súa situación legal no país. Isto explica que o 15 % das mulleres con contrato teñan un ficticio, é dicir, nun emprego que non é o que verdadeiramente desempeñan; a causa está no que explicamos sobre a cláusula da preferencia de man de obra nacional: para obte-lo permiso de traballo, moitas mulleres tiveron que presentar unha oferta laboral nun emprego no que non houbera demandantes inscritos no INEM; como o permiso de traballo inicial se concede só para traballar na actividade presentada na oferta, e para renovalo ten que se acredita-la cotización á Seguridade Social nese traballo, as mulleres que obtiveron o permiso gracias a unha oferta ficticia deben ser contratadas nese mesmo emprego, aínda que sexa falso, ata que consigan a renovación. A pesar disto, encontrámosen con que o 60 % das inmigrantes sen contrato de traballo teñen autorización para traballar; este dato fainos temer que, se non conseguuen unha contratación legal, moitas non poderán renova-lo seu permiso e veranse abocadas á irregularidade sobrevida.

INGRESOS ECONÓMICOS


Un 3 % das inmigrantes enquadradas non responderon ás preguntas sobre os seus ingresos económicos. Entre o 97 % restante, distinguímos procedencia dos ingresos:



Do traballo	72 %
Da familia	8 %
Da parella	15 %
Outros	5 %

Estes datos concordan cos relativos ó traballo e poñen de novo de manifesto o perfil predominante da muller inmigrante como persoa independente, que se mantén co seu propio traballo.

Entre as que teñen ingresos propios procedentes do traballo, as contías mensuais en euros son as seguintes:



Más de 1.200	8 %
901-1.200	8 %
601-900	20 %
450-600	39 %
Menos de 450	24 %
Non contesta	1 %

Hai que salientar que o 50% das mulleres que gañan máis de 1.200 euros ó mes se dedican á prostitución, e o 40% das que gañan menos de 450 traballan no servicio doméstico. As dúas actividades maioritarias entre as mulleres inmigrantes marcan, por tanto, os dous extremos no tocante ós ingresos.

Sobre se lle envían diñeiro á familia no país de orixe, das respuestas tírase que un 47 % non envía, fronte a un 52 % que si o fai e un 1 % que non respondeu. Pero se estudiamos esta cuestión entre as mulleres que teñen fillas e/ou fillos no país de orixe, vemos que o 88 % lles envían cartos. Debemos repasar aquí o exposto sobre o papel da muller inmigrante como cabeza de familia sobre a que recae o coidado directo dos fillas e/ou fillos cando os ten con ela en Galicia, ou indirectamente a través da familia materna pero sempre baixo o seu cargo económico.

IV. A SITUACIÓN LEGAL

Ten autorización para permanecer en España un 70 % das enquistas. O 30 % restante atópase en situación irregular e, entre estas, un 46 % está tramitando algún tipo de autorización.


Se comparamos estes datos cos obtidos no estudio do pasado ano, observamos un significativo aumento das mulleres con autorización pero tamén das que se atopan en situación irregular. Isto débese, como veremos logo, a que o ano pasado moitas inmigrantes estaban a tramita-lo seu permiso a través do procedemento de regularización, e a maioría obtivérono este ano, así que agora están entre as que teñen autorización. Pola contra, case tódalas mulleres que chegaron a España a partir de xaneiro de 2001 e, polo tanto, non puideron acollerse á dita regularización, non poden acceder a un permiso e, se o solicitan, o más frecuente é que llelo deneguen nun prazo de dous ou tres meses, polo que case todas pasan a engrosa-la lista das que se atopan en situación irregular.

Hai que ter en conta que, dado que as leis actuais fan imposible a obtención dun permiso de residencia e traballo, só unha pequena parte das mulleres que teñen solicitada algunha autorización, é dicir, aquelas que se atopen

nun dos supostos de preferencia legal, poderán conseguila. Se a isto lle sumámoslo preocupante dato da alta porcentaxe de mulleres con autorización para traballar que carecen de contrato laboral e, previsiblemente, non poderán renovala dita autorización, podemos augurar que a medio prazo o número de mulleres inmigrantes en situación irregular non só non se reducirá, senón que será aínda maior.

Tipo de permiso

Entre as que teñen autorización para permanecer en España, distinguimos en primeiramente segundo o tipo de permiso co que contan:



TIPO	PORCENTAXE
Permiso de traballo	42
Permiso de residencia con autorización para traballar	35
Taxeta de residencia en réxime comunitario	6
Permiso de residencia non lucrativa	11
Taxeta de estudiante	3
Permiso de residencia permanente	1
Nacionalidade española⁹	2

Loxicamente, dado que se trata dunha inmigración por motivos fundamentalmente económicos, os máis dos permisos autorizan a traballar, pois neste tipo entran tanto os permisos de traballo como os de residencia con autorización para traballar (que foron os que se entregaron coa regularización do pasado ano) ou os de residencia permanente (sempre autoriza a traballar) e os supostos de nacionalidade española; a suma de todos eles supón que o 80 % das mulleres inmigrantes en situación regular en Galicia están autorizadas para traballar. A cifra real é algo superior porque a maioría das persoas con taxeta de residencia en réxime comunitario están tamén autorizadas para traballar, pero ante o descoñecemento da proporción exacta preferimos non as incluír.

⁹ Entre as mulleres con nacionalidade española só se consideran como inmigrantes e, polo tanto, incluídas neste traballo, as que obtiveron a nacionalidade por residencia, é dicir, que previamente residiron un tempo en España como estraneiras e logo, tralo cal accederon á nacionalidade. Non se inclúen, pois, aquelas descendentes de españois que chegan a Galicia xa como españolas, e que se consideran emigrantes retornadas, non inmigrantes, aínda que naceran no estranxeiro e nunca antes residiran aquí.


O 90 % dos permisos de traballo son por conta allea e só un 10 % por conta propia; en canto ós permisos de residencia con autorización para traballar, son todos por forza por conta allea, mentres que o permiso de residencia permanente permite calquera das dúas modalidades, o mesmo, claro está, que a nacionalidade española. Polo tanto, pouco más do 10 % das mulleres inmigrantes con autorización para traballar poden facelo como autónomas. Non se trata dunha elección das propias mulleres, senón que lles vén imposta pola práctica imposibilidade, dende hai moitos anos, de conseguir un permiso de traballo por conta propia. Como xa expuxemos, isto explica en parte as porcentaxes de mulleres que traballan por conta propia ou allea.

Debemos salientar tamén outro dato: só un 9 % das mulleres con permiso o obtiveron por motivo familiar, é dicir, ou ben directamente por reagrupamento familiar ou ben por outra vía, pero tendo como causa fundamental da súa concesión os vínculos familiares con españois ou residentes (por exemplo, entre as que accederon ó permiso na regularización do 2001 sen ter oferta de traballo). Esta porcentaxe é, en cambio, maioritaria entre as mulleres que teñen permiso de residencia non lucrativa, que non lles autoriza a traballar. De novo, refórzase o perfil que vimos sinalando da muller independente.

Procedemento de obtención.

Consideramos interesante analizar tamén o procedemento a través do cal as mulleres obtiveron a autorización por vez primeira; non incluímos ás mulleres con nacionalidade española, referímonos só os procedementos específicos de autorizacóns para estranxeiras.


Os resultados son:



Polo tanto, o 65 % obtivo o seu permiso a través dun procedemento extraordinario de regularización e un 4 % a través do procedemento do continxente, que era utilizado na práctica tamén como un canle de regularización. Xa que logo, o 69% das inmigrantes con autorización para estar en España obtivérona a través dun procedemento extraordinario e só un 31 % mediante o considerado réxime ordinario da Lei. A maioría destas últimas conseguiron o permiso ben mediante o reagrupamento familiar ou ben gracias a atoparense nun suposto de preferencia legal. Isto demostra claramente que na práctica case é imposible obter un permiso a través das canles legais normais, xa dende a primeira Lei de estranxeiría.

Data de obtención


Se relacionamos este dato coa data de entrada de cada unha delas en España, resulta que o tempo que se tarda en consegui-lo permiso é o seguinte:



DATA	PORCENTAXE
2002	21
2001	28
2000	32
1999	8
Antes de 1999	11

Se relacionamos este dato coa data de entrada de cada unha delas en España, resulta que o tempo que se tarda en conseguirlo permiso é o seguinte:

	PORCENTAXE
Mesmo ano	21
1 año	33
2 años	27
3 años	9
+ 3 años	10




Entre as que o conseguiron no mesmo ano da entrada ou ó cabo dun ano, a maioría (máis do 80 %) fixérono a través dun procedemento de regularización, e case tódalas demais por ter preferencias legais. Estes resultados lévannos de novo á conclusión de que a lexislación española impide a entrada legal inicial das inmigrantes e dificulta enormemente a súa consecución posterior, de tal xeito que a maioría se ven obrigadas a entrar como turistas ou de xeito ilegal e a permanecer logo un tempo —que nun 10 % dos casos é de máis de 3 anos— en situación irregular. E todo isto tendo en conta que houbo varios procedementos extraordinarios de regularización.

SANCIÓNNS

A maioría das mulleres enquisadas —un 82 %— non foron nunca sancionadas por motivo de estranxeiría. O 18 % que si tivo algunha sanción, todas elas por estancia irregular, foi:

SANCIÓN	PORCENTAXE
Expulsión	73
Multa	25
Ambas	2




En conclusión, un 5 % das mulleres inmigrantes en Galicia tivo ou ten unha expulsión do territorio por estancia irregular. En canto ás multas, as más foron impostas durante a vixencia da Lei Orgánica 4/2000 antes da súa modificación, que eliminaba a expulsión como sanción para a estancia irregular.

V. A MULLER INMIGRANTE E A PROSTITUCIÓN

A prostitución é a fonte de ingresos dun 22 % das inmigrantes que traballan en Galicia, o que supón o 15 % do total das mulleres na nosa comunidade. A isto debe engadirse que un 7 % das inmigrantes que agora teñen outro traballo exerceron con anterioridade a prostitución en España, polo que o total de entrevistadas que se dedican na actualidade ou se dedicaron nalgún momento á prostitución é dun 21 %. Esta importancia cuantitativa, xunto coas características de maior desprotección e marxinación que viven estas mulleres respecto do xeral das inmigrantes, fainos considerar imprescindible dedicarles un capítulo á parte, cunha análise máis pormenorizada da súa situación.

Atendendo á procedencia destas mulleres, os datos son os seguintes.



REXIÓNS DE ORIXE	PORCENTAXES
Latinoamérica	76
África subsahariana	20
Europa non comunitaria	4

Como vemos, non hai mulleres exercendo a prostitución entre as entrevistadas asiáticas e do norte de África; isto probablemente responda ás características das mulleres destas procedencias que viven en Galicia, pois case tódalas asiáticas emigraron para traballar en negocios de familiares seus xa establecidos, e no caso das norteafricanas o feito de que case todas encaixen ben no perfil de muller independente cun alto nivel de estudos e profesional que vén traballar a Galicia pero non nunha situación económica de extrema necesidade, ben no da ama de casa dependente do seu home e que vén reagrupada por este. Isto non significa que estes datos se repitan entre as inmigrantes destas procedencias no resto do Estado, senón que obedecen ás características propias das que se establecen en Galicia, no que inflúe, por suposto, a súa baixa porcentaxe na nosa comunidade.

No que respecta ás demais, entre as latinoamericanas, o 87 % das que traballan na prostitución son colombianas; é dicir, o 66 % do total das inmigrantes dedicadas á prostitución en Galicia proceden de Colombia; de feito, invertendo os datos descubrimos que un 24 % das colombianas que viven en Galicia se dedican á prostitución. As redes mafiosas ou constituídas polas propias mulleres, que se dedican a traelas ou a facilita-la chegada e introducción nos clubs e lugares de prostitución en Galicia son, sen dúbida, parte da explicación desta forte presencia de mulleres colombianas. Pero tamén a situación familiar de moitas delas (xeralmente nais con fillos ó seu cargo exclusivo sen posibilidades


de mantelos co seu traballo en Colombia) e a grave crise económica, social e de inseguridade do seu país están detrás deste fenómeno.

Dentro da prostitución de orixe latinoamericana hai mulleres que traballan en clubs, as que o fan en pisos dirixidos por unha ou máis persoas, as que traballan pola súa conta mediante anuncios na prensa e moi poucas que o fagan na rúa. Algunhas chegaron enganadas, e as redes mafiosas obrigáronas a prostituírse; outras, traídas tamén por mafias ou por pequenas redes montadas por outras mulleres do seu mesmo país, viñeron sabendo que ían traballar na prostitución pero enganadas en canto á cantidade que terían que pagar polo «préstamo» para a viaxe (as famosas «débedas») e están sendo extorsionadas ata o pagamento derradeiro; outras, por último, exercen libremente a prostitución pola súa conta ou pagándolle unha porcentaxe ós donos dos clubs ou dos pisos polo «uso» dos cuartos.

En canto ás mulleres de orixe subsahariana, o 80 % das que traballan na prostitución son nixerianas, o que implica que un 67 % das residentes en Galicia se dedican á prostitución. Neste caso, case todas son obrigadas a prostituírse por redes de proxenetas da súa mesma nacionalidade e traballan xeralmente na rúa.

O 12 % das inmigrantes que exercen a prostitución viven en clubs, e o resto en pisos de alugueiro. Isto non implica que só esa porcentaxe traballe en clubs, xa que moitas das que o fan viven fóra do establecemento, en pisos alugados por elas mesmas ou ben da propiedade do dono do club.

Sobre os ingresos que perciben por esta actividade, as respostas obtidas foron as seguintes:



Ingresos	Porcentaxe
N.C.	6
- 450	0
450-600	22
601-900	32
901-1200	18
+1200	22

A franxa de ingresos maioritaria é, polo tanto, de entre 601 e 900 euros mensuais, pero hai unha alta porcentaxe que gaña máis de 1.200 euros, e ningunha que perciba por debaixo dos 450. Este alto nivel de ingresos é o que moitas destas mulleres alegan para explica-la elección desta actividade, tendo en conta que a outra saída que máis a miúdo se lles ofrece, o servizo doméstico, presenta os menores niveis salariais desta escala.


O 74 % destas mulleres son nais e, destas, só un 24 % teñen os fillos en Galicia con elas, fronte ó 76 % que os teñen coa familia materna no país de orixe. Vemos entón importantes diferencias respecto das cifras xerais: a porcentaxe das mulleres con fillas e/ou fillos é moito maior no caso das que se dedican á prostitución, e, no tocante a con quén viven os fillos, fronte a un 47 % que, no estudio xeral das mulleres inmigrantes, os tiña con elas en Galicia, só un 24 % das que exercen a prostitución os teñen aquí. A alta porcentaxe de mulleres con

fillos ou fillas coincide coa valoración que fixemos antes respecto a que a imposibilidade de sacalos adiante elas soas, sen axuda paterna, mediante o seu traballo no país de orixe, lévaas en moitos casos a optar pola prostitución como medio de gañar máis cartos en menos tempo que dedicándose, por exemplo, ó servicio doméstico.

Sobre por qué non traen a Galicia os fillas e/ou fillos na mesma porcentaxe có resto das mulleres inmigrantes, hai varios motivos: por un lado, a súa actividade impídelles en moitos casos coidar deles; por outro lado, o desexo de lle ocultar á familia a qué se dedican failles preferir mantelos lonxe; e, por último, moitas destas mulleres teñen como proxecto traballar só durante dous ou tres anos en Galicia, aforrar e logo regresar ó seu país, polo que non teñen intención de reagrupamento da familia.

O 88 % delas envían diñeiro á familia no país de orixe. Esta porcentaxe é moito más elevada cá do xeral das mulleres inmigrantes e coincide coa que atopamos entre as mulleres inmigrantes con fillos. Refórzase así a idea da muller que decide dedicarse á prostitución para axudar a mante-la súa familia.


Como xa dixemos antes, ningunha destas mulleres se dedicara á prostitución no seu país, senón que o 30 % eran alí amas de casa e a maioría (o 36 %) traballadoras non cualificadas. Polo nivel de estudos, só atopamos un 2 % de analfabetismo (menos ca nos resultados xerais das mulleres inmigrantes) e son maioría as que teñen estudos secundarios rematados; non hai, sen embargo, ningunha universitaria.



	PORCENTAXE
Analfabeta	2
Iniciados	16
Primarios	38
Secundarios	40
FP	4

Polo tanto, en xeral non se trata de mulleres que viviran na marxinación no seu país de orixe ou que non poidan ter, pola súa profesión ou nivel cultural, outra saída que non sexa a prostitución. Pola contra, son adoito persoas con estudos, de clase media ou media-baixa, pero que precisan obter ingresos o máis elevados e o máis axiña posible para poderen asegura-lo futuro dos seus fillas e/ou fillos no país de orixe e que non atopan outro medio de conseguilo en Galicia ante a baixísima remuneración da maioría dos traballos para inmigrantes en situación irregular (servicio doméstico fundamentalmente) e a dificultade de obter un permiso de traballo que lles poida permitir aspirar a outros empregos mellores. Por suposto, quedan fóra deste esquema as mulleres secuestradas ou obrigadas a prostituírense, como a maioría das nixerianas.

Respecto da súa situación legal, o 36% está irregular, unha porcentaxe, por tanto, algo máis elevada cá xeral. Entre as que teñen autorización, o procedemento polo que a adquiriron é:



	PORCENTAXE
Continente 1999	7
Regularización 2001	64
Regularización 2000	29

Ningunha obtivo o permiso a través do réxime xeral nin ningunha o conseguiu, tampouco, hai máis de tres anos. Isto fainos deducir que as mulleres que se dedican á prostitución ou ben permanecen poucos anos en España ou ben, pouco despois de obteren o permiso, cambian de traballo ó permitirlles esa autorización optar por un emprego máis «normalizado».

Só o 14 % delas teñen contrato de traballo, ficticio en tódolos casos, posto que lles resulta imposible acceder a un contrato real ó non te-la prostitución a consideración legal de actividade laboral. Así, a maioría conseguiron o permiso cunha oferta falsa feita por un amigo ou comprada a algúns coñecidos, xeralmente como empregadas de fogar, e unha vez que teñen o permiso moitas non poden darse de alta na Seguridade Social (o 50 % das que teñen permiso). En consecuencia, podemos deducir que unha gran parte non poderá renova-la súa autorización e volverá, probablemente, á irregularidade.

Por último, o 44 % ten ou tivo sanción, e entre elas o 86 % foi de expulsión. Esta porcentaxe é moito más alta cá xeral entre as mulleres inmigrantes (só un 18 %), e responde ó feito de que a policía de estranxeiría abre a maioría dos expedientes sancionadores a mulleres no curso das redadas que fan en clubs de alterne.

A conclusión pode ser que as mulleres inmigrantes dedicadas á prostitución están sometidas a unha marxinación e desprotección moi superior á das inmigrantes en xeral: a súa situación legal é más precaria e resúltalles más difícil a regularización; sofren maior risco de ser sancionadas polas autoridades; parten dunha situación de necesidade maior ó teren fillos ou fillas nunha proporción superior á maioría e, por mor da propia actividade, véntense abocadas a un illamento social máis forte.

O debate aberto na actualidade sobre a regularización ou non da prostitución como actividade laboral aféctalles moi especialmente, pois ante o baleiro legal véntense obrigadas a falsificar ofertas laborais, pagando por elas en moitos casos, para poder solicitar un permiso de traballo en calquera outra actividade e, cando o conseguén, se queren conservalo deben convence-lo «falso» empregador para que as dea de alta na Seguridade Social que xeralmente pagan

elas mesmas, ou ben a «comprar» un marido disposto a un matrimonio de conveniencia, quedando logo sometidas a continuas chantaxes por parte do suposto «esposo». O medo á policía, por causa da súa situación irregular, lévaas a illarse socialmente e depender en maior medida de proxenetas e redes de explotación.

O debate está aberto, pero elas non poden participar porque ningúén quere escoitalas: nin quen as estigmatiza nin quen pretende defendelas ou mesmo «salvalas». Sofren, en definitiva, a hipocrisía dunha lexislación que finxe que non existen, dunha sociedade de orixe que prefire non saber de ónde sae o diñeiro que recibe delas cada mes e dunha sociedade de destino que ou as ignora ou se perde en discusións teóricas sobre o ideal, sen se confrontar á realidade da súa más absoluta desprotección.

CONCLUSIÓNS

PERFIL DAS MULLERES USUARIAS DE CITE-GALICIA

A partir dos datos recollidos e das conclusións deles extraídas, podemos afirmar que a maior parte das mulleres inmigrantes que se establecen en Galicia son de orixe latinoamericana, pero cunha presencia crecente de mulleres africanas e da Europa non comunitaria; as de menor importancia cuantitativa son as asiáticas.

As nosas previsións son que esta tendencia se vai manter a curto e medio prazo, xunta unha importante variación, xa iniciada, nos países de procedencia dentro das latinoamericanas, pois a chegada de arxentinas e uruguaias vai substituí-la, ata o de agora, maioritaria de colombianas.

O progresivo incremento da entrada de mulleres inmigrantes en España reflicte unha certa feminización da inmigración, pois se ben segue o ritmo xeral dos fluxos migratorios cara a España, que comezan nos anos oitenta e medran significativamente a fins da década dos noventa, o certo é que no caso das mulleres, polo menos das que se establecen en Galicia, houbo un aumento moi notable a partir de 1999 que as equiparou cuantitativamente cos homes, ata entón maioría na inmigración. Este crecemento segue a producirse despois da reforma da Lei de estranxeiría polo Goberno do PP en 2001, o que deixa ó descuberto a ineficacia dessa reforma como instrumento para frea-la entrada de inmigrantes.

A inmigración feminina asentada en Galicia é nova, en idade laboral, as máis con fillas e/ou fillos ó seu cargo que, ou ben viven con elas en Galicia ou ben coa familia materna no país de orixe. Neste último caso, ten intención de reagrupalos e envíalles cartos regularmente. Moitas delas teñen algún familiar en Galicia, o que explica en parte que elixiran esta comunidade como destino. Viven coa familia nuclear cando a teñen en Galicia ou con amigos/as noutros casos, en pisos de alugueiro ou da propiedade da súa parella. Están moi próximas as porcentaxes das que teñen parella estable e as que non, pero é salientable a importante presencia de mulleres que migran soas, totalmente independentes ou

como cabezas de familia, en ocasións incluso deixando a súa parella no país de orixe. As que teñen descendencia no seu país amosan a intención de reagrupala cando poidan.

Teñen un alto nivel académico e unha profesión cualificada no seu país de orixe, pero as enormes diferencias económicas respecto a Galicia tráenlas ata aquí, onde desempeñan traballos moi sectorializados e que supoñen unha descualificación profesional e, naqueles postos que as galegas non queren; é maioritario o servicio doméstico e unha alta porcentaxe exerce a prostitución. Traballan as máis sen contrato e, entre as que o teñen, hai unha porcentaxe importante de contratos ficticios, feitos co fin de obter ou renovar un permiso. Os seus ingresos son de tipo medio, dependendo moito da clase de traballo e da súa situación legal.

A inmensa maioría delas entraron en España ilegalmente ou como turistas e permaneceron aquí un mínimo dun ano de xeito irregular. Agora, a maioría teñen autorización para residir en España, pero hai unha porcentaxe excesiva en situación irregular que previsiblemente irá en aumento dada a lexislación vixente. A gran maioría das que teñen solicitado un permiso recibirán unha denegación. As que se atopan en situación regular teñen, case todas, autorización de tipo laboral, fundamentalmente para traballar por conta allea, obtida a través dun procedemento extraordinario de regularización ou dun continxente, o que proba a inutilidade da regulación legal española sobre os permisos de residencia. Unha parte importante das que teñen permiso na actualidade non poderán renovalo por careceren de contrato de traballo, co que pasarán a unha situación de irregularidade sobrevida.

Unha minoría ten ou tivo algunha sanción por razón da súa estancia irregular, e entre as que a teñen trátase adoito dunha expulsión.

En definitiva, atopámonos ante unha muller que migra por causas económicas, que quere e pode traballar en Galicia porque os ingresos son superiores ós que percibe no seu país, aínda que o traballo sexa peor, culta e con fillas e/ou fillos ó seu cargo. Non se trata da muller que migra seguindo o seu home, senón da protagonista da súa propia emigración, que se mantén a si

mesma e a súa familia mediante o seu traballo, que vén enche-los baleiros provocados polo incremento do nivel de vida en Galicia e a masiva incorporación da muller galega ó mundo laboral, e que actúa como axente económico de grande importancia para a economía do seu país de orixe a través do envío regular de divisas á súa familia.

E esta muller atopa como principais obstáculos os derivados da lexislación española en materia de estranxeiría, que a forzan a manterse, polo menos durante un tempo, na irregularidade administrativa, na economía somerxida e na conseguinte marxinación social.

Este perfil, obtido a través das entrevistas realizadas neste traballo, é representativo non só da xeneralidade das mulleres usuarias de CITE, senón, na nosa opinión, da maioría das mulleres inmigrantes que viven en Galicia.

PROPOSTAS

Dada a situación actual e os problemas existentes, concluímos a necesidade de poner en marcha as seguintes liñas de actuación:

Primeira. Regulación dos fluxos migratorios. Para que a entrada de inmigrantes no noso país se produza dun xeito legal e aberto, sen os obrigar a recorrer ó visado de turista ou ás mafias de tráfico de persoas, como ocorre na actualidade, é necesaria unha política de regulación dos fluxos de entrada seria e axustada á realidade social. Para conseguilo deben articularse mecanismos axeitados de canalización das ofertas e demandas do mercado laboral, que requirirán unha reforma profunda dos consulados e embaixadas españolas no estranxeiro para garantir o seu correcto funcionamento e a desaparición das trabas que actualmente fan imposible a efectividade de calquera tramitación de visado laboral.

O mellor instrumento para esa canalización pode ser o **continxente**, sempre que se organice dun xeito eficaz e práctico que responda efectivamente ás necesidades do mercado de traballo. Para iso resulta imprescindible a reclasificación das categorías laborais do Servicio Galego de Colocación e do INEM, co fin de coñecer as verdadeiras demandas e ofertas de man de obra, xa que as actuais non se axustan á realidade laboral. Amais dos continxentes, deberán establecerse mecanismos áxiles para a tramitación de permisos de traballo en resposta a demandas puntuais.

Sen embargo, un dos maiores fracasos da política de control de fluxos foi o continxente do ano 2002: mal articulado, sen contar cos axentes sociais, excesivamente burocratizado, sen mecanismos axeitados para a súa efectividade, sen ter en conta o dinamismo do mercado laboral, non só non facilitou a entrada legal dos inmigrantes—as solicitudes superaron nun 28% á asignación de continxente e un 21,37% das contratacóns non foron efectuadas—senón que foi utilizado polo goberno como disculpa para pecha-lo réxime xeral.

Ademais hai unha serie de postos de traballo que, polas súas características, non permiten a contratación dende o país de orixe, xa que esixen un coñecemento persoal previo entre empregador e traballador, como é o caso do servicio doméstico. Cómprase entón crear outras figuras legais que permitan responder a esta realidade social. Un bo exemplo podería ser o **visado de busca de emprego**,

instrumento que se utiliza xa en Italia e que lle permitiría á persoa interesada entrar no territorio español e permanecer nel durante un tempo determinado; concederáselle un permiso de traballo se atopa unha oferta de emprego, e, no caso contrario, comprométese a retornar ó seu país.

En todo caso, é urgente dotar dos medios materiais e humanos necesarios as oficinas administrativas con competencia na tramitación de permisos e visados, porque resulta inaceptable que a concesión dun permiso se demore, como sucede agora en Galicia, un mínimo de tres meses no mellor dos casos, facendo así inoperante todo o sistema.

Segunda. Regularización. Un requisito para calquera política migratoria é a desaparición das enormes bolsas de irregularidade actuais, pois resulta absurdo buscar fóra man de obra (coma se establece no continente) que está xa a traballar en Galicia de xeito irregular. Polo tanto, hai que establecer un procedemento extraordinario de regularización que sexa sinxelo, amplio e efectivo, que lles permita o acceso á residencia a tódalas persoas que se atopan arrestora en situación irregular, se é necesario cun continxente cero mentres dure ese procedemento.

Ademais, tendo en conta que sempre existirá un certo nivel de irregularidade, deberá preverse un instrumento de regularización permanente más flexible e con prazos moito más reducidos cos actuais permisos por motivos de arraigamento ou circunstancias extraordinarias.

Terceira. Reagrupamento familiar. A lexislación española debe segui-la liña das políticas europeas nesta materia, isto é, recoñece-lo reagrupamento familiar como un dereito das persoas residentes e regulalo dun xeito moito más amplio, similar ó da Lei de estranxeiría de 2000 antes da súa reforma: para reagrupar debe bastar con ser residente, eliminando o requisito de que o reagrupante teña o segundo permiso de residencia, e deben ampliarse os supostos de familiares reagrupables, demasiado restrictivos na actualidade.

Resulta necesario tamén axusta-la lexislación de estranxeiría á realidade social e equipara-la convivencia como parella de feito —homosexual ou heterosexual— co matrimonio para os efectos de reagrupamento e permiso de residencia.

Cómpre tamén estende-los dereitos sociais; un dos que está seriamente ameazado é o da educación: a lei non recoñece o dereito ás ensinanzas postobrigatorias ós fillos e fillas de inmigrantes en situación irregular, en Galicia non existe ningún programa educativo de integración de nenos e nenas estrangeiros nos centros escolares e, como colofón, a tan cuestionada "lei de calidade" establece unha clara discriminación para ó alumnado estrangeiro que sendo maior de 15 anos presente problemas de adaptación á ESO, estes factores provocarán nun futuro próximo o fracaso escolar de moitos nenos e nenas estrangeiros que se verán abocados ós postos de traballos de menor cualificación e peor retribuídos.

Cuarta. Permiso de residencia. A distinción entre permiso de residencia e permiso de traballo resulta absurda e inxustificada. A autorización para residir en España debe levar implícita sempre a posibilidade de traballar, así que debe abondar co permiso de residencia, eliminando os permisos de traballo ou autorizacións para traballar.

Cómpre, así mesmo, flexibiliza-los requisitos para a renovación dos permisos, de xeito que se impida a recaída na irregularidade das persoas que xa teñen residencia.

Quinta. A persecución das mafias e dos empregadores que se dedican á explotación da man de obra inmigrante debe ser efectiva e contundente, para o que sería conveniente coordina-la actuación das inspeccións laborais, os sindicatos e as administracións competentes en materia de estranxeiría. A indefensión da man de obra en situación irregular, totalmente desprotexida, co risco de precarización das condicións laborais que leva consigo, é aproveitada por moitos empresarios no seu propio beneficio, sen que se poida detectar unha actuación realmente eficaz da Administración para evitalo.

No caso das mafias e redes que obrigan as mulleres a prostituirse ou explotan esa prostitución, debe modificarse a lexislación procesual para lles garantir ás mulleres que queiran denunciar ó segredo absoluto da súa identidade e a súa total protección maila das súas familias, incluso se están no lugar de orixe. Así mesmo débese asegura-la concesión inmediata do permiso de residencia á muller denunciante e a posibilidade da reagrupación familiar.

Sexta. Réxime sancionador. Urxe a reforma dun réxime sancionador profundamente represivo e arbitrario, centrado na coacción da persoa inmigrante máis ca na de quen a explota. Ó más apremante neste aspecto é a eliminación da expulsión como sanción para a estancia irregular e o traballo sen permiso; a desaparición da detención preventiva e os centros de internamento de estranxeiros, pois non pode aceptarse que unha infracción administrativa poida implica-la perda de liberdade; o recoñecemento de tódalas garantías xurídicas, incluíndo o pleno dereito á asistencia xurídica gratuíta; a eliminación de tó dolos conceptos xurídicos indeterminados e cláusulas abertas que actualmente posibilitan a arbitrariedade administrativa, e unha nova regulación dos conceptos de devolución e retorno acorde coa política migratoria que se propugna.

Sétima. Dereitos fundamentais. O recoñecemento dos dereitos políticos e sociais fundamentais a tódalas persoas, con independencia da súa orixe nacional ou situación administrativa, é un requirimento non só dunha política migratoria que pretenda a integración social, senón de calquera Estado de Dereito respectuoso cos dereitos humanos e os tratados internacionais que os protexen, así como da nosa Constitución. Deben eliminarse, pois, tódalas restriccións que actualmente se recollen na lexislación de estranxeiría respecto das persoas en situación irregular e dereitos sociais e de participación política.

Todo isto debe combinarse cunha política decidida con vistas a consegui-la integración social e a convivencia intercultural, centrada no eido da educación, a sensibilización social, a vivenda, etc.

Só cunha política migratoria orientada á integración social máis ca ó control dos fluxos, flexible e respectuosa cos dereitos de tódalas persoas independentemente da súa situación legal, que responda tanto ás necesidades do mercado laboral galego coma ás expectativas das persoas que desexan vir ó noso país, se poderá conseguir unha convivencia intercultural real e unha sociedade aberta, democrática e igualitaria. Ó contrario, a persistencia cega na política actual seguirá a mante-la situación de discriminación e as bolsas de marxinalidade, cos problemas de convivencia e intolerancia que sempre implican.